



## Oposicións docentes 2020

**Falemos claro: coas 2036 prazas de novo ingreso non aumentará o profesorado**

**A Xunta pretende enmascarar as cifras das oposicións coa promoción interna e o acceso a cátedras**

A CIG-Ensino alertou novamente do principal problema que se está a producir nos últimos procesos selectivos: a ausencia dun verdadeiro concurso-oposición e un elevado número de prazas que fican desertas.

Na Mesa Sectorial de educación do martes 18 de febreiro a Consellaría presentou o reparto por especialidades e o texto da convocatoria das oposicións a corpos docentes de 2020. A CIG-Ensino centrou a súa intervención en reivindicar cambios no proceso selectivo.

**Non se crea ningún emprego coas novas oposicións**

A propaganda electoral do PP leva a incorporar nas cifras da oferta de emprego do 2020 o proceso de acceso a cátedras, que non deixa de ser un concurso de méritos, co obxectivo de facer crer que ofertan máis de tres mil prazas. **Falso.**

A oferta real de prazas de novo ingreso será de 2.036. O resto das prazas serán 1.300 prazas de acceso a cátedras e 318 de cambio de corpo (A2-A1 ou A1-A1 nas EOI).

Se temos en conta as 926 prazas do grupo A1 (781 PES, 30 EOI e 30 AAPP e 85 de Música e AAEE), hai un 35% de prazas para promoción interna cando a Lei de Emprego Público só obriga a que se reserve un 25% das prazas.

Porén, o peor non é o engano que a maioría dos medios de comunicación porán en letras grandes e nun lugar destacado, a maior gloria de quen lles paga as subvencións. O peor é que esas 2.036 prazas (no caso de que se cubran todas) non supoñen a creación de ningún posto de traballo novo, tan só a modificación de emprego temporal en fixo. O acordo asinado no 2017 por CCOO, UGT e CSIF co goberno Rajoy incorporaba unha cláusula que fixaba que as ofertas de emprego até 2020 non podían derivar nun incremento de postos de traballo, blindando a cifra de profesorado que naquela altura tiñamos e que foi froito dos recortes máis duros no sistema educativo.

## Atados por unha normativa estatal feita de costas á realidade

O modelo actual de ingreso na docencia non contou nunca co apoio da CIG-EnsinO e temos claro que é preciso un cambio importante na Lei Orgánica que agora se vai negociar en Madrid. **Apostamos por introducir con carácter excepcional o acceso diferenciado**, como xa propuxemos con anterioridade tanto na Mesa estatal como no Consello Escolar do Estado. Este **sistema de dobre vía de ingreso** implicaría convocar simultaneamente oposicións cun peso moi elevado da experiencia docente e nas que se ofertarían as prazas ocupadas por persoal interino que son vacantes (sen funcionariado de carreira no posto) e outras oposicións con maior peso para a fase de oposición nas que se incluírían as prazas de reposición de efectivos (xubilacións, defuncións...)

Tendo en conta a oferta de emprego do 2020, eses dous procesos simultáneos serían: **902 de taxa de reposición (xubilacións, defuncións, etc.) e 1.134 de estabilización**. A dobre vía, que debe ter un carácter excepcional en resposta á existencia de persoal interino que veu cubrindo ano após ano prazas que deberían ter sido ofertadas nas oposicións, evitaría tamén un lóxico conflito de intereses entre quen nunca traballou no ensino público e quen si o fixo.

A marxe de manobra que deixa a normativa estatal á hora de negociar a orde que regula as oposicións é mínima. Mais aínda así a CIG-EnsinO veu presentando nestes últimos anos propostas rigorosas e factíbeis que a actual Consellaría nunca tivo en conta. A realidade das oposicións destes últimos anos danos a razón e confirma as nosas denuncias. Non existe concurso-oposición nos corpos de secundaria e só no corpo de mestres existiu un mínimo aínda que insuficiente respecto polo carácter de concurso oposición fixado na normativa.

É preciso garantir un verdadeiro concurso oposición e para iso a Consellaría debe incorporar melloras nos tribunais:

- Hai que reducir o número de aspirantes por tribunal.
- Hai que eximir os tribunais do traballo de baremación da fase de concurso, asignándollo a unha comisión técnica.
- O tribunal debe contar con máis tempo do que ten actualmente e debe centrarse na fase de oposición.

- Hai que evitar que os tribunais se vexan condicionados a limitar o número de persoas aprobadas na 1ª proba para poder cumprir os prazos fixados pola Consellaría.
- Insistimos tamén na volta ao anonimato da 1ª proba, con etiquetaxe como identificación e sen lectura das partes da proba en todas as especialidades e probas nas que sexa posíbel, que son a maioría.

## O profesorado interino, contra as cordas

Os procesos selectivos deben responder á realidade do sistema educativo e dos centros de traballo. O actual sistema de ingreso non o fai. A normativa estatal non está pensada para conseguir a consolidación das profesionais que durante moitos anos estiveron ocupando postos de traballo que non se ofertaban nas oposicións como resultado das políticas de recortes. A propia lei é moi clara: todas as prazas estruturais e vacantes que ocupe o profesorado interino deben ser ofertadas canto antes para non incrementar a bolsa de temporalidade, mais quen fai a lei fai a trampa. Nas oposicións deste ano, como nas anteriores, convócanse algunhas especialidades que hai anos que non se ofertan e durante ese tempo foron as interinas e interinos as que cubriron esas prazas. Agora encóntranse cun sistema que non fai unha diferenciación para esas prazas de longa duración e que non garante o concurso oposición.

Non hai mais que mirar o estudo sobre temporalidade realizado pola CIG-EnsinO para ter claro que o persoal interino foi totalmente desprezado neste proceso de oposicións: **aquel que conta con máis de 5 anos de antigüidade non chega nin ao 20% de opositores aprobados**. Estas cifras son lixeiramente superiores ás do 2018, onde foron o 18%, mais indican as claras dificultades que un sistema como o actual ten para este colectivo. Só as elevadas cifras de xubilacións, naquelas especialidades onde a idade do profesorado é elevada, está evitando a expulsión masiva de docentes interinos e en moitos casos está claro o empeoramento da súa situación laboral. **A inexistencia dunha cláusula de estabilidade para o persoal interino no actual “acordo”** implica que os nosos compañeiros e compañeiras están contra as cordas e sen rede, tanto no sistema de ingreso como nos efectos deste.

OPOSICIÓN 2019		
Antigüidade	%	Acumulado
Nunca	33,00%	33,00%
Menos de 1 ano	19,22%	52,21%
Menos de 2 anos	9,48%	61,69%
Menos de 3 anos	9,48%	71,18%
Menos de 4 anos	5,82%	76,99%
Menos de 5 anos	3,54%	80,53%
Menos de 6 anos	2,65%	83,19%
Menos de 7 anos	1,64%	84,83%
Menos de 8 anos	2,28%	87,10%
Menos de 9 anos	2,15%	89,25%
Menos de 10 anos	2,02%	91,28%
Mais de 10 anos	8,72%	100,00%

## Voltaremos a ter prazas desertas nas oposicións?

As medidas que propón a CIG-Ensino non garanten por si soas que se poña fin a unha realidade que nestes dous últimos anos foi criticada polo noso sindicato: o **elevado número de prazas que fican desertas** nas oposicións de novo ingreso. Mais estamos convencidas de que si suporían un cambio de tendencia importante. É tremendo o que acontece **nas prazas de acceso a A1**, onde **máis do 92% das prazas non se adjudican** porque maioritariamente xa nin se presentan opositores a elas, mais tamén é moi relevante o que pasa no novo ingreso.

*O 71% dos aprobados en 2019 nunca traballaran ou fixéranlo menos de 3 anos para a Consellaría*



Os tribunais teñen que acomodar as probas aos tempos dos que dispoñen tanto as persoas aspirantes como o propio tribunal para corrixir. O que aconteceu nalgúns tribunais como o de FOL no 2019, cun claro desfase temporal para poder facer o exame, non pode consentirse. Mais o certo é que non depende só dos tribunais. Garantir melloras no seu funcionamento con medidas como as que propomos redundarían nuns resultados diferentes.

*Máis do 92% das prazas de promoción interna para cambio de corpo A2 a A1 quedaron sen cubrir en 2019*

### Prazas sen cubrir nas últimas oposicións de ingreso a corpo docentes

OPOSICIÓN	2018 INGRESO	2019 INGRESO	TOTAL INGRESO
PRAZAS OFERTADAS	1.653	1.788	3.441
PRAZAS DESERTAS	89	132	221
<b>Porcentaxe de prazas sen cubrir</b>	<b>5,4%</b>	<b>7,4%</b>	<b>6,4%</b>

Nestas cifras non se teñen en conta as prazas de acceso de grupo A2 a A1, nas que máis do 92% das prazas non se cobren.



# Comparativa de prazas ofertadas e datos históricos de interinidades por especialidades

## Corpo de profesorado de Ensino Secundario

Estas táboas foron elaboradas a partir dun estudo feito pola CIG-Ensino sobre as interinidades adjudicadas no CADP en cada curso, con excepción deste ano que son datos proporcionados pola Consellaría.

A comparativa demostra que en moitas especialidades o número total de prazas convocadas na OPE 2020 é unha cifra moi próxima ou incluso superior á de persoas interinas que están a traballar este curso académico.

Seguimos sen coñecer cales foron os criterios empregados pola Consellaría á hora de convocar unhas especialidades e outras non cando o número de persoal interino era moi semellante entre elas.

Desde a CIG seguiremos insistindo na necesidade de negociar previamente tanto as especialidades como o número de prazas para que a oferta sexa o máis ampla e racional posíbel.

ESPECIALIDADE	INTERINIDADES ADJUDICADAS SETEMBRO						OPE 2020	INGRESO LIBRE E PERSOAS CON DISCAPACIDADE	ACCESO A2-A1
	14-15	15-16	16-17	17-18	18-19	19-20			
Filosofía	4	17	11	27	47	39	SI	25	8
Grego	2	3	3	7	9	10	SI	6	2
Latín	15	22	25	29	35	38	SI	27	9
Lingua Castelá e Literatura	72	140	121	103	64	58	SI	48	16
Xeografía e Historia	76	116	109	87	66	67	SI	52	17
Matemáticas	67	154	196	207	154	125	SI	97	33
Física e Química	50	76	121	101	46	61	SI	45	15
Bioloxía e Xeoloxía	78	106	69	81	50	45	SI	33	11
Debuxo	2	12	24	31	51	74	SI	44	15
Francés (até 2017/18 inclúe destinos en EOI)	11	24	47	66	77	37	SI	23	7
Inglés (até 2017/18 inclúe destinos en EOI)	96	144	158	83	83	60	SI	20	7
Alemán	3	4	3	3	4	3			
Portugués						0	SI	4	
Música	1	2	1	1	3	17			
Educación Física	26	42	52	53	74	53	SI	20	7
Orientación Educativa	39	49	45	46	29	44	SI	55	18
Tecnoloxía	54	63	83	105	69	26	SI	12	4
Lingua e Literatura Galega (até 2017/18 inclúe destinos en EOI)	9	53	94	86	78	75	SI	51	17
Economía	13	13	45	61	78	31	SI	20	7
Administración de Empresas	29	38	42	63	72	32	SI	20	7
Análise e Química Industrial	22	21	25	8	12	9	SI	5	2
Asesoría e Procesos de Imaxe Persoal	11	13	19	14	15	18	SI	12	4
Construcións civís e Edificación	10	6	11	10	4	4			
Formación e Orientación Laboral	72	82	56	64	77	44	SI	28	9
Hostalería e Turismo	40	42	33	25	25	26	SI	15	5
Informática	20	23	21	24	36	26	SI	18	6
Intervención Sociocomunitaria	29	36	28	30	14	15			
Navegación e instalacións Mariñas	7	8	8	9	12	12	SI	7	2
Organización e Xestión Comercial	5	13	24	34	13	24	SI	11	4
Organización e Procesos de Mantemento de Vehículos	12	15	19	19	25	13	SI	6	2
Organización e Proxectos De Fabricación Mecánica	22	25	23	17	21	15	SI	7	3
Organización e Proxectos Sistemas Enerxéticos	25	25	26	22	6	15	SI	8	3
Procesos de Produccion Agraria	11	9	12	11	13	13			
Procesos Na Industria Alimentaria	21	22	28	26	26	12	SI	6	2
Procesos de Diagnóstico Clínico e Productos Ortoprotésicos	13	16	19	19	11	15	SI	9	3
Procesos Sanitarios	21	26	24	27	18	25	SI	16	5
Procesos e Medios de Comunicación	9	11	13	12	13	13	SI	9	3
Procesos e produtos de textil, Confección e Pel	8	6	7	9	9	9	SI	6	2
Procesos e produtos de Artes Gráficas	5	4	6	6	6	6	SI	3	1
Procesos e Productos de Madeira e Moble	13	13	13	13	16	18	SI	13	4
Sistemas Electrónicos	25	23	26	22	27	19			
Sistemas Electrotécnicos E Automáticos	23	28	29	38	13	10			
Especialista (Corpo 590): Fútbol	5	5	5	5	5	6			
Especialista (Corpo 590): Fútbol Sala	1	1	1	1	1	1			
<b>TOTAL</b>	<b>1077</b>	<b>1551</b>	<b>1725</b>	<b>1705</b>	<b>1507</b>	<b>1263</b>		<b>781</b>	<b>260</b>

## Corpo de profesorado técnico de Formación Profesional

A especialidade Prácticas e actividades n útrese da listaxe de Servizos á Comunidade para contar con profesorado destinado nos CREDO.

ESPECIALIDADE	INTERINIDADES ADXUDICADAS							OPE 2020	INGRESO LIBRE E PERSOAS CON DISCAPACIDADE
	11-12	14-15	15-16	16-17	17-18	18-19	19-20		
Taller de vidro e cerámica	0	0	1	1	1	1	1		
Prácticas de protésico dental	5	2	2	2	2	1	1		
Prácticas e actividades	27	25	22	22	22	20	44		
Cociña e Pastelería	13	29	30	18	9	16	25	SI	18
Equipamentos Electrónicos	0	12	28	35	30	29	40	SI	28
Estética	3	3	8	14	27	17	19	SI	14
Fabricación e Instalación de Carpintería e Moble	5	6	8	9	11	13	17	SI	13
Instalación e Mantemento de Equipamentos Térmicos e Flúid	10	19	24	27	27	10	14	SI	10
Instalacións Electrotécnicas	24	27	40	25	35	45	20	SI	8
Laboratorio	7	16	17	26	12	15	16	SI	8
Mantemento de Vehículos	15	24	43	37	25	37	37	SI	20
Máquinas, servizos e produción	2	6	5	5	6	7	9	SI	4
Mecanizado e Mantemento de Máquinas	16	28	33	19	20	27	17	SI	8
Oficina de Proxectos de Construción	1	0	0	4	7	6	6		
Operacións e equipos de elaboración de produtos alimentarios	0	11	13	15	17	18	20	SI	12
Operación de procesos	1	2	2	1	2	2	2		
Operacións de produción agraria	9	9	21	20	24	9	17	SI	8
Patronaxe e confección	8	11	14	15	18	18	19	SI	13
Peiteado	12	17	17	24	20	22	14	SI	7
Procedementos de Diagnóstico Clínico e Ortoprotésico	11	18	15	16	18	5	12	SI	8
Procedementos Sanitarios e Asistenciais	17	34	29	43	48	20	28	SI	20
Procesos comerciais	0	8	10	33	36	20	24	SI	12
Procesos de Xestión Administrativa	1	23	39	58	66	68	49	SI	28
Produción de artes gráficas	6	0	10	12	17	18	19	SI	14
Servizos á Comunidade *	25	36	37	22	28	58	36	SI	26
Servizos de restauración	8	19	26	28	31	14	16	SI	10
Sistemas e Aplicacións Informáticas	14	26	44	36	20	33	49	SI	38
Soldadura	5	8	10	12	15	17	20	SI	16
Técnicas e procedementos de imaxe e son	6	9	11	18	25	23	27	SI	20
Linguaxe de Signos	6	8	6	5	5	5	5		
Audio Próteses	0	2	2	2	2	2	1		
Especialista (Corpo 591)	7	8	9	8	8	4	7		
Especialista (Corpo 591): Baloncesto	0	1	1	1	1	1	1		
Mantemento Aeromecánico	0	0	0	0	1	2	2		
	264	447	577	613	636	603	634		363

## Corpo de mestras e mestres

INTERINIDADES ADXUDICADAS									OPE 2020	TOTAL PRAZAS
COD	ESPECIALIDADE	11-12	14-15	15-16	16-17	17-18	18-19	19-20		
597031	Educación Infantil	78	353	212	102	163	155	149	SI	150
597032	Idioma Estranxeiro: Inglés	21	93	82	67	79	73	79	SI	85
597033	Idioma Estranxeiro: Francés	7	50	47	43	65	77	61	SI	65
597034	Educación Física	17	92	89	90	85	49	54	SI	60
597035	Música	19	92	78	77	69	64	41	SI	45
597036	Pedagogía Terapéutica (inclúe cod. 60-ESO)	58	142	31	173	147	183	168	SI	150
597037	Audición E Linguaxe (inclúe cod. 61-ESO)	74	171	166	175	167	149	98	SI	94
597038	Primaria	7	125	296	287	317	206	104	SI	98
597039	Orientación	59	93	80	107	121	93	88		
	TOTAL	340	1.211	1.081	1.121	1.213	1.049	842		747

## Profesorado e mestras/es de taller de artes plásticas e deseño

ESPECIALIDADE	INTERINIDADES ADXUDICADAS							INGRESO LIBRE E PERSOAS CON DISCAPACIDADE	ACCESO A2-A1
	14-15	15-16	16-17	17-18	18-19	19-20	OPE 2020		
Xemoloxía	1	1	1	1	1	1	1		
Conservación e restauración de materiais arqueolóxicos	1	1	1	1	1	1	1		
Conservación e restauración de obras escultóricas	3	3	3	2	3	4			
Conservación e restauración de obras pictóricas	2	2		2	2	2			
Debuxo artístico e cor	0	2	3	2	4	5	SI	3	1
Debuxo técnico	1	1	1	0	0	1			
Deseño interiores	10	11	13	13	12	14	SI	8	2
Deseño de moda	3	3	3	4	5	7	SI	4	1
Deseño de produto				0		2			
Deseño gráfico	10	10	11	11	12	12	SI	7	2
Fotografía	6	2	6	7	7	7	SI	4	2
Historia da arte	2	2		3	3	3			
Xoiería e ourivaría			1	1	2	2			
Materiais e tecnoloxía: deseño	3	3	1	2	1	2			
Medios audiovisuais	2	2	2	3	3	3			
Medios informáticos	3	3	3	2	3	3			
Organización industrial e lexislación				1					
Volume	3	4	4	5	5	5	SI	4	1
Historia coa especialidade de arqueoloxía	1	1	1	1	1	1			
Taller do moble	1	1	1	1	1	1			
Dourado e policromía	1	2	2	2	2	2			
Fotografía e procesos de reprodución	1	1	1	1	1	1			
Talla en pedra e madeira	2	2	2	2	2	2			
Técnicas de gravado e estampación	2	2	2	2	2	3			
Técnicas de Xoiería	0	1	1	1	0				
Técnicas de metal	1	1	1	1	1	1			
<b>TOTAL</b>	<b>59</b>	<b>61</b>	<b>64</b>	<b>71</b>	<b>74</b>	<b>85</b>		<b>30</b>	<b>9</b>

## Profesorado de Escolas Oficiais de Idiomas

ESPECIALIDADE	INTERINIDADES ADXUDICADAS							OPE 2020	INGRESO LIBRE E PERSOAS CON DISCAPACIDADE	ACCESO A2-A1
	11-12	14-15	15-16	16-17	17-18	18-19	19-20			
Alemán	3	7	8	8	9	8	8	SI	6	
Árabe	2	3	3	3	3	3	3			
Chinés	5	8	9	9	9	10	10			
Español										
Francés					17	19	22			8
Galego					2	1	10			5
Inglés					57	57	72	SI	24	25
Italiano	6	7	5	6	6	6	7			
Xaponés	5	6	7	7	7	7	7			
Portugués	3	3	4	4	5	5	5			
Ruso	0	0	0	0	1	1	1			
<b>TOTAL</b>	<b>24</b>	<b>34</b>	<b>36</b>	<b>37</b>	<b>116</b>	<b>117</b>	<b>145</b>		<b>30</b>	<b>38</b>

Das prazas provisionais de Galego e Francés outorgadas no CADP só están ocupadas por persoal interino 2 e 12 respectivamente. No resto está profesorado en expectativa e en prácticas.

## Corpo de profesorado de música e de artes escénicas

ESPECIALIDADE	INTERINIDADES ADXUDICADAS							OPE 2020	INGRESO LIBRE E PERSOAS CON DISCAPACIDADE
	11-12	14-15	15-16	16-17	17-18	18-19	19-20		
Acordeón	3	1	1	1	3	3	3	SI	2
Arpa							2	1	
Canto	5	3	5	5	5	5	5	SI	3
Clarinete	1	1	2	2	4	5	5	SI	5
Clave	2	2	2	3	3	3	2	SI	2
Contrabaixo	4	4	4	4	4	4	4	SI	2
Fagot	3	4	4	4	4	4	4	SI	4
Frauta Travesa	1	2	3	1	2	1	2		
Frauta de Bico	1	1	1	1	1	1	2		
Fundamentos da Composición	9	9	9	8	8	8	10	SI	6
Gaita Galega	6	6	7	7	7	7	5	SI	5
Guitarra	3	7	7	5	6	7	6	SI	4
Historia da Música	0	0	0	0	3	6	2		
Instrumentos de corda pulsada do renacemento e do barroco	1	1	1	2	1	1	1		
Oboe	2	1	1	1	3	2	3	SI	3
Órgano	1	1	1	1	1	1	1		
Percusión	4	2	2	2	2	2	2		
Piano	13	14	16	18	25	19	14	SI	6
Saxofón	3	4	4	4	4	5	5	SI	4
Trombón	5	5	5	4	4	4	5	SI	2
Trompa	2	2	3	3	3	4	3	SI	3
Trompeta	3	2	2	2	2	2	3		
Tuba	4	3	4	4	4	4	4	SI	4
Viola	1	2	2	3	4	4	6	SI	4
Viola de Gamba	1	1	1	2	2	2	2		
Violín	3	4	2	2	3	4	5		
Violoncello	6	5	6	5	4	4	5	SI	3
Danza española	1	1	1	1	1	1	0		
Danza clásica	9	9	9	9	9	9	9	SI	8
Danza contemporánea	4	5	5	5	5	4	4	SI	3
Canto aplicado á arte dramática	1	1	1	1	1	0	1		
Caracterización e indumentaria	0	1	1	1	1	1	1		
Danza aplicada á arte dramática	1	1	1	1	1	1	1		
Dicción e expresión oral	3	3	3	3	3	3	3		
Dirección escénica	4	5	5	5	4	4	5		
Dramaturxia	2	3	3	3	2	2	3		
Espacio escénico	2	2	3	3	3	2	3		
Expresión corporal	4	5	4	5	5	4	3		
Iluminación	0	1	1	1	1	1	1		
Interpretación	6	7	7	7	7	6	5		
Literatura dramática	2	2	2	2	2	2	2		
Técnicas escénicas	0	1	1	1	1	1	1		
Técnicas gráficas	1	0	1	1	1	1	0		
Teoría e historia da arte	2	1	1	1	1	1	1		
Teoría teatral	2	4	4	4	4	4	4		
Linguaxe musical	13	15	15	15	21	22	17	SI	12
Jazz-saxofón	1	1	1	1	1	1	1		
Jazz-trompeta	1	1	1	1	1	1	1		
Jazz-trombón	1	1	1	1	1	1	1		
Jazz-batería	1	1	1	1	1	1	1		
Jazz-piano	1	1	1	1	1	1	1		
Jazz-contrabaixo	2	2	2	1	2	2	2		
Jazz-guitarra	1	1	1	1	1	1	1		
Linguaxe musical - Arte dramático	2	1	0	1	0	1	1		
<b>TOTAL</b>	<b>151</b>	<b>162</b>	<b>170</b>	<b>170</b>	<b>193</b>	<b>192</b>	<b>183</b>		<b>85</b>

# Cambios nas especialidades

## *Haberá oposicións de Portugués de secundaria e de acceso de Galego (A1-A1) nas EOI e 7 novas especialidades en Conservatorios.*

A CIG-Ensino saudou como positivo o cambio da Consellaría ao incluír dúas das nosas propostas: novas prazas de **Portugués na oferta dos IES e cambio de corpo (A1-A1) para Galego nas EOI**. Entendemos que a oferta é cativa e que debería ampliarse, mais en todo caso parécenos positiva a rectificación da Consellaría.

Co que amosamos o noso desacordo é co cambio de última hora coa incorporación de **7 novas especialidades de Música e Artes Escénicas (Canto, Clave, Contrabaixo, Fundamentos de Composición, Guitarra, Piano e Trombón)**. Entendemos que non é de recibo que a Consellaría e o propio presidente da Xunta anunciaran no mes de novembro as especialidades nas que habería oferta e que tres meses despois nos apareza, por sorpresa, con sete novas especialidades. Quen se presente a estas probas contará con menos tempo para preparalas. Esta decisión é unha mostra de improvisación e desleixo da Consellaría e unha falta de respecto para o persoal interino e o conxunto das persoas aspirantes.

Mentres que Portugués se ofertou o ano pasado e é unha demanda do colectivo de titulados desta materia e Galego (EOI) é un proceso de promoción interna, no caso das 7 novas especialidades nada se comentara previamente, fóra de rumores que deixan en bastante mal lugar á Administración. É obvio que operan dentro da legalidade (a oferta de emprego limítase a fixar corpos e total de prazas que se ofertan sen prefixar as especialidades) mais como CIG criticamos a decisión da Consellaría.

## Novidades no borrador da Orde

- **Requisitos. 2.1.f)** no canto de non ter antecedentes de delincuencia sexual agora figura “non ter sido condenado por sentenza firme”

por algún delito sexual. **Afirman que non implica ningún cambio.**

- **Documentación** Acreditación de CELGA 4. 3.2.1.d) Inclúese o nivel intermedio B2 da EOI como equivalente ao CELGA 4. Estamos en desacordo. A equivalencia do CELGA 4 é un nivel avanzado C1 e debe manterse así. Pasa o mesmo co castelán. Tamén debe ser un nivel avanzado C1. **A Consellaría vai estudar a nosa proposta e amosouse partidaria de facer o cambio.**
- **Obriga de participación.** 3.4. Especifica con maior claridade que se entende por retirarse do proceso selectivo aos efectos de decaer das listaxes de interinidade e substitucións.
- **Discapacidade posterior ao prazo de presentación** de instancia. 2.4.1 O recoñecemento dunha discapacidade ao remate do prazo de admisión non implicará ningún cambio (non poderá optar a esa quenda)
- **Tribunais. 7.2.** Como hai especialidades nas que a Consellaría sabe de antemán que non existe suficiente funcionariado de carreira para os tribunais indícase que poderán completarse co doutras especialidades ou de fóra de Galiza e, en casos excepcionais, un mesmo tribunal poderá xulgar máis dunha especialidade. A CIG demanda que se é necesario recorrer a funcionariado destinado fóra este debe ter plenas competencias en lingua galega. No caso de recorrer a outras especialidades o sistema tamén debe ser o sorteo e non a designación a dedo. Chama a nosa a atención o do “persoal asesor”, sobre todo cando se nega a posibilidade de que exista “persoal asesor” ou “comisión técnica” para baremar. O persoal asesor, de existir, debe coñecerse publicamente e estar sometido ás mesmas normas de recusación que os membros dun tribunal. **A Consellaría informou que, en principio, só teñen pensado nomear persoal asesor en Gaita. Publicarán os nomes como lle pedimos e afirman que tamén estarán suxeitos á recusación como os demais membros do tribunal.**
- **Tribunal de Portugués. 7.3.** Como non hai funcionariado de carreira, seguirán nomeando os tribunais do corpo de EOI.
- **Concesión de suplencias nos tribunais. 7.6.4.** Aparece expresamente a concesión de suplencia en casos de permiso da nai biolóxica e do outro proxenitor ou nas baixas médicas, algo que xa se viña facendo. Porén, introduce que non se concederá a suplencia, agás nos supostos previstos na lei, cando non haxa un número suficiente de persoal funcionario da especialidade. A CIG defendeu que os permisos concedidos deben garantirse e non se poden ver alterados por

esta situación. **Mirarán de mellorar a redacción. Conceden que nos casos de permisos non se negará a suplencia.**

- **Puntuación na fase de concurso. 11.3.2** Indícase que o tribunal poderá modificar a puntuación provisional, previa audiencia da persoa interesada, cando se producira un erro na baremación. A CIG sempre defendeu que os tribunais teñen que dar resposta ás reclamacións das aspirantes, garantindo a máxima transparencia. O que inclúe a nova redacción non vai nesta liña senón en dar cobertura a algo que entendemos xa facían os tribunais. A audiencia á que se refire sería só para a persoa directamente afectada polo cambio ou para todas aquelas que son parte no proceso? **Aceptan que terán que dar previa audiencia a todas as persoas afectadas e recalcan que só se están a referir a aqueles casos nos que se modifica sen reclamación previa.**
- **Fase práctica nas especialidade de FP.** Na redacción do Anexo VI (proba práctica) figura por vez primeira esta redacción en todas as especialidades propias da FP: “Cada unha das dúas opcións de proba consistirá na formulación e/ou análise de actividades de ensino-aprendizaxe...”. Solicitamos que se nos aclare que valoración ou estudo fixo a Consellaría para incorporar esta novidade, dado que é a primeira vez que se incorpora e supón unha diferenza co resto das especialidades dos demais corpos. **Afirman que non teñen intención de facer cambios a como eran as probas prácticas até agora e revisarán o texto por se mellora retirando esa frase.**
- **Maior concreción nas aclaracións ao baremo nas Disposicións Complementarias.** A Consellaría incluíu como aclaracións do Anexo III (Baremo do sistema xeral de ingreso) unha serie de indicacións que en boa medida responden a moitas das queixas que desde a CIG-Ensinno lle trasladamos en pasadas convocatorias, polas dúbidas que causaban algúns apartados do baremo. Con independencia de que non coincidimos con varias das indicacións que se dan, nalgún caso estamos totalmente en contra, e de que en moitos casos só recollen o que xa viñan facendo, si que cremos que é mellor que aparezan no DOG e que non queden á libre interpretación dos tribunais. A salientar, de todas as aclaracións:
  - Terán en conta os 10 mellores anos para a puntuación da experiencia docente.
  - O traballo a media xornada computa como se fose a tempo completo.

- Os servizos prestados en centros que dependen de administracións non educativas puntúan menos.
- Non se puntúa experiencia laboral como educadora, bolseiro ou lectora.
- PTFP: quen presente licenciatura, enxeñaría ou arquitectura terá 1 punto no 2.3.2 ao ser unha titulación superior á esixida para o ingreso.
- Aparece expresamente que os Títulos Superiores de Música, Danza, Arte Dramática e Ensinanzas Artísticas equivalente a Grao puntúan como tal.
- As mencións ou especialidades dun mesmo título non puntúan como novo título.
- Non se valora, en ningún caso, o mestrado de profesorado; nin sequera cando non é requisito.
- Títulos propios universitarios (2.3.) Os mestrados ou outros títulos propios (non oficiais) puntuarán como formación.

## Cuestións a corrixir

- 1.- **Transparencia e información pública dos enunciados dos supostos prácticos.** Debe incluírse na obriga dos tribunais publicar integramente os enunciados dos supostos prácticos inmediatamente despois da publicación das notas da primeira proba. **Informan de que colgarán todos os enunciados unha vez remate todo o proceso selectivo.**
- 2.- **Falta o Anexo I** (modelo de instancia a efectos informativos). **Corrixirán**
- 3.- **No Anexo IV** debe figurar que tamén se aplica ese baremo para cambio de corpo A1-A1. **Corrixirán. É o mesmo baremo.**
- 4.- **Referencia legal para as programacións nas especialidades de artes plásticas e deseño** (base 13.4). As referencias curriculares non inclúen as titulacións das Ensinanzas Superiores de Deseño (Decreto 172/2015). Hai mesmo especialidades deste corpo que só imparten a día de hoxe estudos superiores de deseño e non teñen implantado ningún ciclo profesional. Ou ben se inclúe unha relación expresa aos títulos dos decretos dos estudos superiores de deseño ou se opta pola redacción de 2011: “A programación didáctica fará referencia ao currículo dunha materia ou módulo relacionado coa especialidade pola que se participa”. **Van estudar a nosa proposta, mais informan de dúbidas legais na competencia docente dos estudos superiores en cada especialidade xa que os Reais Decretos que regulan os estudos**

*A CIG-Ensinno presentou unha batería de propostas para mellorar o procedemento e a transparencia*



- superiores non definen cal é a competencia docente das especialidades. Son conscientes de que están poñendo determinados ciclos que actualmente non están vixentes. Nalgunhas especialidades poderían estar obrigando a persoas a facer programacións de módulos que non se imparten. A redacción que lles propoñemos podería valerlles mais prefiren mirar o tema con cautela.
- 5.- No caso de titulacións nas que haxa diferenzas importantes entre os **vellos decretos a nivel galego** e os **novos RD estatais**, ten pensado a Consellaría dar algún tipo de instrución tanto a tribunais como a aspirantes para evitar confusións? Nós solicitamos que quede perfectamente claro na convocatoria. **Neste tema non houbo resposta da Consellaría. Procuraremos que nolo confirmen proximamente.**
  - 6.- Persoal interino que se presenta a outras oposicións fóra de Galiza. Base 3.4. Erro na data. Debe figurar xullo de 2020. **Corrixirán.**
  - 4.- **Taxas.** Base 3.8. Non figuran as do corpo de artes plásticas e deseño. **Corrixirán.**
  - 5.- Puntuación provisional e baremación de méritos. Falta citar o corpo de artes plásticas e deseño e a quenda de acceso A1-A1. **Corrixirán.**
  - 6.- Disposición Complementarias 2ª.6. Texto incompleto. Falta texto na parte das titulacións propias. **Queda claro que puntuarán como formación.**
  - 7.- **O mestrado de profesorado** (a formación pedagóxica e didáctica como requisito) está regulado no RD 1834/2008 e na Orde ECI/3858/2007. Nesas normativas as ensinanzas de réxime especial non aparecen citadas. Porén, o RD 303/2010 de requisitos mínimos dos centros que imparten ensinanzas artísticas fixa como requisito (artigos 15 e 16) ter esa formación de posgra. Isto está a xerar dúbidas sobre a obriga ou non de esixir esta titulación. Na apertura de listaxes de interinaxe deste curso non se esixiu este mestrado. Solicitamos que se actúe co máximo rigor e se revise legalmente a obriga de contar ou non co mestrado de profesorado. **En todo o Estado interprétase que non. A LOE establece que é preciso un mestrado específico que aínda non se regulou e leva 5 ou 6 anos parado no Ministerio sen publicar. O Real Decreto de requisitos mínimos que citamos só indica que o mestrado de secundaria pode servir para cumprir o requisito mais non se esixirá mentres non re regule un mestrado propio. As CC.AA. están interpretando que non existe o desenvolvemento da LOE e que polo tanto non se**

- esixe esta formación didáctica. Xa o aplicaron así o ano pasado en Piano e Linguaxe Musical.
- 8.- **Escolas de Artes e Superiores de Deseño.** Trasládannos os problemas que se poden crear co calendario das oposicións e o propio calendario escolar destes centros, así como cos problemas de dotación de aulas, para asumir os prazos que se fixan na convocatoria. Solicitamos que antes de publicar a convocatoria se analice esta situación cos propios centros. **Toman nota mais non se van cambiar as datas das oposicións e os centros terán que adaptarse tanto para o uso das instalacións como para a ordenación do calendario, que como CIG-Ensino entendemos que debería organizarse por parte da Dirección Xeral.**
  - 10.- **Inclusión nas listas de interinidades. Base 26.** As especialidades de música e artes escénicas e artes plásticas e deseño non se incluíron na orde de 20 de novembro de 2019 e aproveítase agora para facelo. Creemos que non é correcto. Debe facerse o mesmo que na oposición de 2019: abrir un prazo de exposición pública destas titulacións para que se poidan facer achegas e posteriormente publicar unha orde fixa para futuras convocatorias. Na CIG-Ensino xa recibimos alegacións para que ou ben se elimine a prelación das titulacións ou se modifique a orde destas nalgunha especialidade. Como exemplo temos o caso de **Volume** onde segundo a nosa información o profesorado actual ten toda titulación en Belas Artes cando no cadro da Base 26 esta titulación figura no último lugar. Tamén a especialidade de **Fotografía**, onde as titulacións que figuran no borrador son diferentes das que se publicaron para a apertura de listas en outubro de 2019, e na que se incluía Belas Artes xunto co título de Técnico Superior en Artes Plásticas e Fotografía Artística. **Van retirar a prelación das titulacións, estando todas as do mesmo cadro ao mesmo nivel. Revisarán o que dicimos de Belas Artes para Fotografía.**
  - 11.- Deben tomarse medidas para organizar adecuadamente a realización da **proba práctica das especialidades de música e artes escénicas** que precisan dun **instrumentista acompañante**. **Indican que segundo lle din as persoas que asesoraron na redacción dos criterios da proba práctica ese acompañante non vai ser necesario en moitas especialidades (algo que nós como CIG dubidamos).**
  - 12.- **Participación condicional de profesorado en prácticas.** Nas oposicións de cambio de A1-A1 (Francés e Inglés) só se require ser funcionariado de carreira. Solicitamos que se valore a

posibilidade, sempre que exista seguridade xurídica, de que quen será nomeado funcionario de carreira en setembro de 2020 poida participar, ficando condicionado o posíbel aprobado á superación da fase de prácticas. **Non é legal xa que teñen que ser funcionarios de carreira no prazo previsto e non o van modificar.**

13.- No **Anexo VIII** (titulacións coa que tamén se poden presentar ao corpo de Artes Plásticas e Deseño) figura **“Título de Deseño...”** Solicitamos aclaración sobre se se refiren ao Título Superior de Deseño ou ao Título antigo das escolas de Artes (equivalente a diplomatura). **Refírense á titulación vella equivalente a Diplomatura.**

14.- Na programación de todas as especialidades teñen que incluír **15 unidades didácticas** agás as especialidades propias da FP que se reducen a **4**. Cremos que **se debe revisar para Artes Plásticas e reducir das 15**. **Entenden que podemos ter razón e van consultar para reducir os temas. Non confirman o número.**



## Propostas da CIG sobre o proceso selectivo\*

Tema	Proposta da CIG-Ensino
Número de aspirantes por tribunal.	"Hai que reducir o número de aspirantes por tribunal para garantir que haxa tempo abondo para examinar a todas as persoas que poden superar as diferentes partes das probas da oposición. A cifra debe aparecer na convocatoria. A ratio de aspirantes por tribunal debe estar en función das competencias que se lle asignen aos tribunais e ao propio desenvolvemento das probas. <b>Non o aceptan.</b>
Adxudicación de todas as prazas ofertadas	Hai que garantir que se cubran todas as prazas ofertadas. Se os tribunais contan con tempo suficiente debe erradicarse o comportamento habitual de poñer notas de corte para reducir o número de aprobados na 1ª parte da 1ª proba e desta no seu conxunto. Escúdanse en que os tribunais son soberanos.
Elección das presidencias dos tribunais a sorteo Base 7.3.	Todos os membros dos tribunais deben ser elixidos a sorteo, evitando o nomeamento directo das presidencias. A inspección non debe formar parte dos tribunais que non son do seu corpo. <b>Non o aceptan.</b>
Composición dos tribunais	Se é necesario recorrer a funcionariado destinado fóra do país debe garantirse a súa competencia lingüística no noso idioma. <b>Non se pronuncian.</b> Se hai que nomear membros doutras especialidades deben figurar expresamente na convocatoria cales son as que son susceptibles de entrar no sorteo. Solicitamos que se nos proporcione esa información antes da publicación da convocatoria no DOG para poder facer alegacións. <b>Non o van facer e decidirán unilateralmente de que especialidades van tirar. Din que se elixirán esas persoas discrecionalmente e que prevén facelo cando menos en Gaita e en Clave.</b> Tamén deben figurar na convocatoria as especialidades que, de ser o caso, poderían conformar un mesmo tribunal para xulgar procesos de máis dunha especialidade. <b>Non o aceptan.</b> Publicación dos tribunais definitivos. Nestes anos non se actualizaron os tribunais despois das renuncias aceptadas. Solicitamos que se publiquen antes da presentación e 1ª proba. Afirman que así o farán.

\*Nota: todo o contido deste CIG-Inforna e dos apartados que se detallan a continuación está baseado no borrador da Orde da convocatoria do procedemento selectivo que se tratou na Mesa Sectorial e, polo tanto, poden producirse cambios no texto que finalmente se publique no DOG.

<p><b>"Criterios de avaliación".</b>  <b>Base 7.10.</b>  <b>(funcións dos tribunais)</b></p>	<p>Os criterios de avaliación deben ser claros, públicos e idénticos para todos o tribunais da mesma especialidade. A obriga de dar publicidade e as condicións destes criterios deben vir fixadas na convocatoria para que non quede da man de cada tribunal. Deben coñecerse con moita antelación á realización das probas. Debe ser unha das primeiras decisións que adopten e fagan públicas os tribunais. Se así se indica no texto do DOG gañamos en garantías e transparencia. <b>Non o aceptan.</b> <a href="#">Seguirán publicándose na web da Consellaría.</a></p>
<p><b>Anonimato na primeira parte da oposición (partes A e B)</b></p>	<p>Solicitamos o anonimato por completo nas dúas partes da 1ª proba (práctico e temas) en todas as especialidades e probas que sexa posíbel. O sistema de sobres con etiquetado, como xa foi usado en convocatorias anteriores, garante ese anonimato. <b>Non o aceptan.</b></p>
<p><b>"Baremación de méritos"</b>  <b>Base 11.3.2.</b>  <b>11.3.3</b></p>	<p>A baremación dos méritos debe ser feita por unha comisión técnica, liberando desa carga burocrática ao tribunal. A documentación dos méritos debe facerse inicialmente e para todos os opositores. Non se debe facer pública até que remate a fase de oposición. A nosa proposta ten base legal e implica unha clara mellora para tribunais e opositores. <b>Non o aceptan.</b></p>
<p><b>Segunda proba (programación e UD)</b></p>	<p>"A utilización de material auxiliar ten que ser o máis concreta posíbel para evitar agravios comparativos. A redacción é ambigua: poderase utilizar material "sempre que o autorice o tribunal". Esa autorización debe preceder o inicio das probas e publicarse na web con suficiente antelación. <b>Din que xa se publica.</b></p>
<p><b>"Probas prácticas"</b>  <b>Base 12</b>  <b>Anexo VI</b></p>	<p>Debe figurar na convocatoria que as probas deben ser as mesmas en todos os tribunais da mesma especialidade. <b>Non o aceptan. Din que ao se repartir as prazas por tribunais non se produce ningunha discriminación e que non poden obrigar aos tribunais a que o fagan porque son soberanos.</b></p> <p>A Consellaría ten que velar porque non existan diferenzas entre o que figura no Anexo VI e o que finalmente decide o tribunal. Temos exemplos nas últimas convocatorias de cambios introducidos a última hora por algún tribunal que non se poden consentir. As persoas aspirantes teñen que ter garantías desde o momento no que se publique a convocatoria de que esta non vai cambiar. <b>Din que informarán aos tribunais de que non se produza ningún cambio. Afirman que non é serio introducir cambios a última hora.</b></p> <p><b>As probas prácticas deben ser o máis concretas posíbeis e axustadas á realidade do que se imparte nos centros</b> galegos e nas propias especialidades. As oposicións deben centrarse en valorar futuros docentes e, por tanto, facer fronte a casos prácticos cos que se van atopar no día a día. Hai que ter un especial coidado con non incluír na parte práctica contidos que figuran nos temarios mais están totalmente desfasados así como incorporar contidos que non están nos temarios. Temos exemplos como Fotografía (Artes Plásticas e Deseño) ou Técnicas e Procedementos de Imaxe e Son (PTFP) nas que se inclúen referencias a probas relacionadas con ciclos ou módulos que xa non se imparten. <b>Revisarán as nosas achegas antes de publicar e contrastarán con que os asesorou.</b></p> <p>Seguimos atopando bastantes diferenzas no nivel de concreción nas probas prácticas das diferentes especialidades. <b>Non se pronuncian ao respecto.</b></p> <p>Con carácter xeral todas as especialidades deben contar con dúas opcións. Fixase na convocatoria a excepción do "visu" de Bioloxía (1 opción). O ano pasado houbo unha corrección de erros moi próxima á realización dos exames en Informática, eliminando a 2ª opción. Hai que aclaralo xa e evitar cambios de última hora. <b>Confirman que Informática terá 2 opcións.</b></p> <p>Nos corpos de Música e Artes Escénicas, Artes Plásticas e Deseño, Idiomas e Mestres non figura expresamente que vaian existir 2 opcións. Solicitamos que se indique. Pensamos que en vez de reiterar en cada especialidade a existencia de 2 opcións, debe figurar ao inicio de cada corpo, como criterio xeral. Faise para as que se denominan "especialidades comúns" de secundaria. Debe ser así en todas. <b>Non o aceptan. Só haberá 2 opcións nas que se indica expresamente.</b></p> <p>En todas as probas debe figurar o tempo máximo, incluído o práctico (parte A da 1ª proba). En especialidades como Grego, Latín, Bioloxía, Economía e en todas as de FP do corpos de PES, EOI, Música e Artes Escénicas non figura. Para PTFP figura xenericamente para todas as especialidades un máximo de 3 horas. Debe darse o mesmo tratamento a todas as especialidades de cada corpo. No corpo de Mestres tampouco se indica duración máxima. Debe garantirse unha correcta temporalización para a realización das probas. Houbo críticas nalgunhas especialidades nos últimos procesos. <b>Din que revisarán e procurarán que se indique o tempo máximo en todas as especialidades.</b></p>

	<p>No caso de Artes Plásticas e Deseño hai especialidades nas que se fixa un máximo de 6 días (Debuxo Artístico e de Cor, Fotografía, Volume) mentres que noutras non se indica nada (Deseño de Interiores, Deseño de Moda, Deseño Gráfico). Hai que indicalo. <a href="#">Revisarán para ver se é preciso.</a></p> <p>En Artes Plásticas e Deseño hai contidos que non son propios da especialidade, como en Volume. Nesta última hai máis contidos de Debuxo Técnico que de Volume e non aparece un exercicio práctico de modelado ou de Análise de Obra, como aconteceu nas últimas oposicións desta especialidade (a última no 2007). Nos módulos que o profesorado está a impartir nas escolas non hai contidos de Debuxo Técnico impartidos por esta especialidade, xa que este módulo impárteo profesorado doutra especialidade. No propio temario da especialidade confírmase a mínima presenza do Debuxo Técnico. Tamén está o caso de Debuxo Artístico e Cor, cunha proba práctica extensa, na que algunha proba está máis relacionado coa materia de Debuxo de Secundaria ou con Debuxo Técnico. <a href="#">Van revisar antes de publicar.</a></p> <p>Nas probas prácticas das especialidades de Música e Artes Escénicas o borrador fala de 45 min. sen especificar se é mínimo ou máximo do programa presentado, o que podería dar lugar a diferentes interpretacións segundo cada tribunal. Só se aclara o tempo tocando, que é mínimo 30 min. Debería especificar os 45' como duración mínima do programa presentado, porque do contrario non se poderían presentar obras completas, xa que 45 min. para tres obras completas é moi pouco e permitir movementos soltos non parece a mellor proposta. <a href="#">Consultarán as nosas propostas.</a></p> <p>Solicitamos que <b>antes de publicar no DOG a convocatoria se consulte co profesorado en activo das especialidades de Artes Plásticas e Deseño.</b> Debe revisarse e retirarse o que non se corresponde cos contidos propios de cada especialidades. <a href="#">Confirman que así o farán.</a></p> <p>Na especialidade de Gaita indícase nos criterios de avaliación a tipoloxía de gaitas. Este é un criterio que non figura nos demais instrumentos. Isto podería introducir un agravio comparativo e mesmo un prexuízo económico, xa que o acompañamento pode ser determinante, cando non o é nas demais especialidades. <a href="#">Revisarán o da tipoloxía.</a></p> <p>Tamén na especialidade de Gaita se inclúe a análise dunha ou varias obras de repertorio popular. A información que nos traslada o profesorado é que a ausencia de investigación e publicacións sobre análise de música tradicional galega pode levar a un alto grao de subxectividade. Existiría suficiente repertorio académico de gaita para que poida ser usado como material. Solicitamos que se analice esta proposta. <a href="#">Revisarano.</a></p> <p>Presentamos dúbidas sobre a proba práctica proposta para Danza Clásica e Contemporánea. A primeira parte parece máis apropiada para o grao superior que para o profesional. As últimas oposicións das que temos constancia, en Asturias, só tiñan unha parte, similar á segunda parte do borrador, aínda que naquel caso a clase proposta era para 1 ¼ horas e non para ½. Debe aclararse esta temporalización xa que parece escasa. Non sabemos se as persoas aspirantes terán que contar con acompañante que faga as veces de alumno. <a href="#">Vano estudar, revisando outras convocatorias, aínda que entenden que a proposta debería ser correcta. No acompañante din o mesmo que no de instrumentista (que cren que non van ser necesarios, mais nós temos dúbidas de que vaia ser así).</a></p> <p>En Organización e Procesos de Mantemento de Vehículos houbo oposición no 2019 e neste texto hai cambios ao respecto da proba práctica, o que non parece nada lóxico. Inclúense contidos de ferroviario que non serían da especialidade. <a href="#">Revisarán o que achegamos.</a></p>
<p><b>Reclamacións.</b></p> <p><b>Funcións dos tribunais.</b></p> <p><b>Base 7.10.</b></p> <p><b>Puntuación provisional da fase de concurso e prazo de reclamacións.</b></p> <p><b>Base 11.3.2</b></p>	<p>Hai que aumentar as garantías das persoas opositoras. No caso de reclamacións, debe existir sempre resposta. Hai que garantir a máxima transparencia e garantías nunhas oposicións. Todo pasa evidentemente por unha redución considerábel da ratio de opositoras e da redución da carga burocrática. Non aceptan estas propostas de mellora.</p>

<b>Notas de cada unha das partes das probas.</b> Base 12 e 13	As notas de cada unha das partes das probas deben ser públicas no propio día da corrección ou defensa da proba. <a href="#">Non o aceptan.</a>
<b>Matrícula de persoas paradas.</b> Base 3.8.	Sabemos que é un tema que non depende da Consellaría mais é inexplicábel que a estas alturas as persoas no desemprego teñan que pagar. Solicitamos que sexa gratuíta. Din que non poden facer nada por normativa xeral da Xunta.
<b>Competencia en lingua galega</b>	Solicitamos a realización dunha proba en galego, co obxectivo de demostrar a aptitude e a competencia para impartir docencia na nosa lingua. <a href="#">Non o aceptan.</a>

<b>Tema</b>	<b>Propostas da CIG-Ensino sobre outros aspectos da convocatoria</b>
<b>Autorización de suplencia dos tribunais</b> Base 7.6.4.	<p><b>Equipos directivos.</b> Propomos que se poida autorizar a suplencia a algún membro dun equipo directivo se 2 ou máis membros deste teñen que formar parte de tribunais. Hai que garantir que cando menos 2 membros de cada equipo directivo estean no centro. <a href="#">Non o aceptan.</a></p> <p><b>Conciliación.</b> Ampliar esta autorización para o profesorado que teñan un fillo ou filla menor de tres anos así como quen teña familiares dependentes de primeiro grao ao seu cargo ou familiar incapacitado xudicialmente para o que teña sido nomeado titor legal. <a href="#">Non o aceptan.</a></p> <p>A posibilidade que se abre este ano a que non se concedan as suplencias se non se poden completar os tribunais non pode incidir nos permisos a tempo completo. <a href="#">Acéptano no caso dos permisos de carácter "legal."</a></p>
<b>Citación das aspirantes</b> Base 10.3.3	Recóllese que será como mínimo con 24 horas de antelación. Propoñemos que o mínimo sexa 48 horas. Este prazo, caso de non ser aceptado con carácter xeral, debería ser considerado para persoas con discapacidade. <a href="#">Non o aceptan.</a> Din que isto non xera problemas.
<b>Programación nas especialidades de FP.</b> Base 13.4	A convocatoria indica que debe facerse segundo o <b>anexo XIII</b> da orde que regula a avaliación da FP. Xa o ano pasado fixemos ver que existen diferenzas entre ese anexo e o novo modelo incorporado pola Consellaría. Para evitar problemas de interpretacións dos tribunais propomos que a redaccións sexa: "No caso das especialidades propias da FP, a programación conterà, como mínimo, os diferentes apartados establecidos no anexo XIII..." mesmo aceptando que non se teñan que respectar as táboas, dado que o que importa é respectar o contido e non o formato <a href="#">Analizarán a redacción para que quede claro que se poden facer en base a ambos modelos.</a>
<b>Petición de destino provisional</b> Base 19.1.	O prazo de dous días hábiles segue a parecernos curto para o persoal que nunca traballou para a Consellaría, especialmente se coinciden no medio da semana. Propomos que se fixen 3 días hábiles. <a href="#">Non o aceptan</a>
<b>Fase de prácticas</b> Base 20	Debe realizarse na especialidade pola que se aprobou. O profesorado titor tamén debe ser, se for posíbel, do propio centro e da mesma especialidade. <a href="#">Non o aceptan porque din que en moitos centros non hai funcionariado de todas as especialidades (corpo de mestres sobre todo).</a>

## AFÍLIATE E ACODE ÁS NOSAS ASEMBLEAS INFORMATIVAS

Para calquera consulta sobre o proceso de concurso oposición, ou para máis información sobre listaxes de substitución, sistema de matrícula, temarios, baremo de méritos, normativa de acceso e normativa académica, procedementos de reclamación, etc.

Tema	Propostas da CIG-Ensino sobre o baremo
Eximir da obriga de presentar documentación que xa obre en poder da Consellaría	Non achegar documentación de novo. Solicitamos que se exima de presentar documentación para a fase de concurso a todas aquelas persoas que xa foron baremadas en procesos selectivos anteriores. <a href="#">Din que o poden estudar para vindeiras convocatorias para quen acceda este ano á fase de concurso. Implica un cambio no sistema informático.</a>
Puntuación de máis dunha titulación	"Mentres que para algunhas titulacións aparece claramente indicado que se puntuará "cada unha" (idiomas, diplomaturas, réxime especial) noutros casos ou non se especifica (doutoramento, premio extraordinario) ou se indica que só se puntuará un (máster). Incluso no caso dos segundos ciclos non aparece nada claro (pode interpretarse que é así no cadro das observacións: "así como de cantos presente como mérito"). Solicitamos homoxeneidade e que, en todos os casos, co límite de cada apartado, se puntúen todas as titulacións. Sabemos que é normativa básica mais cremos que pode caber unha interpretación favorábel, sempre que non se supere o tope da puntuación do apartado 2.2. Solicitamos que se revise xuridicamente. <a href="#">Non o aceptan.</a>
Mestrado de secundaria	Cremos que non ten sentido que este Mestrado non se puntúe nos casos nos que non é requisito para presentarse ás oposicións. Tal e como está actualmente o baremo pode puntuarse un máster que non teña ningunha relación coa docencia e non puntuarse este. <a href="#">Non o aceptan.</a>
Puntuación EOI-PES	Seguimos a propor que se puntúe como servizos prestados no corpo do que sexa a listaxe de pertenza. Así, o profesorado de inglés, francés ou galego (PES) que impartiu docencia en EOI debe ter puntuación como PES, xa que pertence a esa lista e mesmo nas substitucións ten obriga de coller esas vacantes. <a href="#">Non o aceptan</a>
Anexo IV. Cambio de A1-A2 e de A1-A1	Non estamos de acordo coa puntuación do traballo como xefe de servizo ou cargo similar na administración (1.2.d) nin coa puntuación na inspección (1.2.a). A puntuación da dirección non debe ser superior á valoración do resto das funcións docentes (titoría, departamento) <a href="#">Non se pronuncian.</a>

## Cuestións a ter en conta no borrador da Orde

- ☑ Todos os trámites na inscrición das oposicións serán por **vía electrónica**, mesmo a presentación de documentación complementaria, como xa aconteceu os últimos tres anos.
- ☑ O acto de presentación está previsto para o **sábado, 20 de xuño**, segundo se extrae do borrador da Orde.
- ☑ A asignación de aspirantes por tribunal e os chamamentos para as sucesivas probas iniciaranse polo aspirante cuxo primeiro apelido empece pola **letra S**.
- ☑ Todos os prazos fixaranse en **días hábiles** aínda que non se especifique (non contan sábados nin domingos).
- ☑ Para **manter o posto consolidado** nas listas das especialidades que se convocan é preciso presentarse ao proceso selectivo dunha especialidade ofertada, aínda que non sexa da consolidada, realizar obrigatoriamente as dúas partes da primeira proba e proceder á súa lectura, así como presentarse á segunda proba (programación e unidade didáctica) de superarse a primeira (teórico e práctico).
- ☑ Para quedar en **listaxes de interinidades e substitucións** ou ben é necesario aprobar a primeira proba da oposición ou ben ter unha titulación concordante coa especialidade que se convoca. Para os corpos de Mestras e de Profesorado de Ensinanza Secundaria, de Formación Profesional e de Escolas Oficiais de Idiomas a afinidade entre titulacións académicas e especialidades docentes está regulada na Orde do 20 de novembro de 2019. No caso dos corpos de Profesorado de Artes Plásticas e Deseño e de Música e Artes Escénicas as titulacións concordantes veñen definidas nos Anexos da propia Orde da convocatoria.
- ☑ Non hai ningunha novidade ao respecto dos **temarios** polos que se rexerán as probas teóricas. Aparecen recollidos no texto da convocatoria e, malia que a CIG-Ensino lamentou tanto na Mesa Sectorial galega como na do Estado, que é a quen lle corresponde regulalos, que estaban obsoletos (en moitas das especialidades datan de 1993), seguirán vixentes até que o Ministerio de Educación e Formación Profesional acometa a súa anunciada reforma de acceso á función pública docente.

# Resumo do proceso selectivo

## OPOSICIÓN

### 1ª PROBA



**PARTE A: Proba práctica** consistente nunha serie de exercicios que se axustará, para cada especialidade ao disposto no Anexo VI da Orde e que a avaliará a formación científica e o dominio das habilidades técnicas correspondentes á especialidade á que se opte. O tempo de duración será establecido polos tribunais.

Cualifícase de 0 a 10 puntos.

**60% da nota da primeira proba.**



**PARTE B: Desenvolvemento por escrito dun tema** incluído no temario oficial de cada especialidade escollido pola persoa aspirante de entre un número variable de temas extraídos ao chou polo tribunal:

Especialidades con 25 temas ou menos: 3 temas

Especialidades con entre 26 e 50 temas: 4 temas

Tamén para as do corpo de profesorado de música e artes escénicas

Especialidades con máis de 50 temas: 5 temas

Cualifícase de 0 a 10 puntos

**40% da nota da primeira proba**

**Proba eliminatoria:** Para superala hai que obter unha puntuación de polo menos o 25% do valor de cada unha das partes e unha puntuación total, resultado de sumar as puntuacións ponderadas, igual ou superior a 5 puntos.

### 2ª PROBA



**PARTE A: Presentación e defensa dunha programación didáctica** que fará referencia ao currículo dunha materia ou módulo relacionado coa especialidade e corresponderase cun curso escolar e organizarase en unidades didácticas de tal maneira que cada unha delas se poida desenvolver no tempo asignado para a súa exposición. É moi importante seguir as indicacións de extensión e formato establecidas na convocatoria para non resultar excluída do proceso.

Tempo de exposición: 20 minutos.

Cualifícase de 0 a 10 puntos

**40% da nota da segunda proba**



**PARTE B: preparación e exposición oral dunha unidade didáctica** relacionada coa programación presentada pola persoa aspirante -escóllese un de entre tres extraídas ao chou- ou elaborada a partir do temario oficial da especialidade -un tema de entre tres-. Tempo de preparación: 1 hora.

Tempo de exposición: 30 minutos máis 10 de debate.

Cualifícase de 0 a 10 puntos.

**60% da nota da segunda proba.**

**Proba eliminatoria:** Valórase globalmente de 0 a 10 puntos, de acordo cos criterios contidos nas rúbricas que se publican como anexos na convocatoria, debendo acadarse unha puntuación igual ou superior a 5 puntos

**NOTA DA FASE DE OPOSICIÓN:** Media aritmética das puntuacións nas dúas probas, sendo necesario obter un 5 para pasar á seguinte fase

## CONCURSO



O tribunal avaliará os méritos da persoa aspirante segundo o baremo recollido na convocatoria.

A puntuación máxima no concurso é de **10 puntos**: 7 puntos máximo por experiencia docente, 5 por formación académica e 2 por outros méritos.

**NOTA DO CONCURSO-OPOSICIÓN:** O tribunal calculará a nota final das aspirantes ponderando un 60% a fase de oposición e un 40% a fase de concurso. Pasa á última fase, a de prácticas, quen teña un número de orde igual ou menor que o número total de prazas asignadas ao tribunal.

# INVISÍBEIS e PRECARIAS

POLA VALORIZACIÓN  
DOS TRABALLOS  
DE COIDADOS

**8** de **marzo**  
día internacional da  
muller traballadora



Confederación Intersindical Galega

[www.cig.gal](http://www.cig.gal)



*Secretaría das mulleres*

